



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

**ACTA NÚM. 17 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
QUE TIVO LUGAR O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2020.
(CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:00 horas** do día **26 de novembro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:



Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 29 de outubro e extraordinarias do 9 e 17 de novembro, todas deste ano.**
- 2. Aprobación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) do Concello de Santiago, financiado en base a orde do 5 de maio de 2020, para entidades locais asinantes do pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable.**
- 3. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para axilizar as axudas ao sector cultural a impulsar unha convocatoria de proxectos para a contratación directa no ano 2021.**
- 4. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para aprobar un plano municipal de construción de espazos sociocomunitarios cubertos nos barrios e parroquias de Santiago.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para actualizar a ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública para favorecer o uso de bicicletas.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a prevención do suicidio, terceira causa de mortalidade de mulleres en Compostela.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular para incluír na modificación do PXOM en trámite unha mellor garantía do uso residencial.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular para urxir ao goberno do estado o inicio da construción da nova estación ferroviaria dentro da intermodal.**

**9. Dar conta de reparos efectuados pola intervención municipal a diversos acordos.
10. Dar conta do estado de execución do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do corrente ano.**

11. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

12. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelación:

Do grupo municipal do PP, presentado con data 18/11/2020.

Rogos:

Do grupo municipal de CA, presentado con data 16/11/2020.

Do grupo municipal de CA, presentado con data 17/11/2020.

Do grupo municipal do BNG, presentado con data 17/11/2020.

Do grupo municipal do BNG, presentado con data 17/11/2020.

Do grupo municipal do BNG, presentado con data 17/11/2020.

Do grupo municipal do PP, presentado con data 18/11/2020.

Do grupo municipal do PP, presentado con data 18/11/2020.

Do grupo municipal do PP, presentado con data 18/11/2020.

Do grupo municipal de CA, presentado con data 18/11/2020.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG, presentada con data 17/11/2020.

Do grupo municipal do BNG, presentada con data 17/11/2020.

Do grupo municipal do BNG, presentada con data 17/11/2020.

Do grupo municipal de CA, presentada con data 18/11/2020.

Do grupo municipal de CA, presentada con data 18/11/2020.

Do grupo municipal do PP, presentada con data 18/11/2020.

Do grupo municipal do PP, presentada con data 18/11/2020.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, presentada con data 04/11/2020.

Do grupo municipal do PP, presentada con data 13/11/2020.

Do grupo municipal de CA, presentada con data 18/11/2020.

13. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG, para duplicar a oferta de prazas do programa de conciliación de nadal co obxectivo de favorecer as políticas de igualdade e de apoio ás familias.

2. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG, para facilitar a implantación da administración electrónica e reducir a fenda dixital no Concello de Santiago.
3. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG, para que se habiliten máis prazas de aparcadoiro destinadas a residentes en Concheiros.
4. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG, para apoiar o comercio de proximidade e fomentar a compra de produtos galegos.
5. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA, para que se execute o acordo plenario sobre a creación dunha comisión encargada de determinar a forma máis sustentable e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento.
6. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA, para impulsar a rehabilitación de vivendas e construción de vivenda pública.
7. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA, para impulsar un programa de servizo de canguraxe en Santiago.
8. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA, ante o conflito na zona desmilitarizada do sur do Sáhara e a agresión militar marroquí no Guerguerat.
9. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP, para a información e a participación dos grupos municipais na elaboración dos orzamentos de 2021.
10. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP, para completar a urbanización da travesía da estrada DP-7803 coa iluminación no tramo Pazos-Igrexa de Figueiras.
11. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP sobre a problemática do acceso pola praza de Mazarelos do alumnado de infantil dun colexio situado nas Orfas.
12. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP, sobre o mantemento do castelán e o galego como linguas vehiculares no ensino en Galicia.

Antes de entrar no estudo dos asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da COVID-19, da violencia de xénero, e polo traballador municipal falecido Francisco García Novais.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO 29 DE OUTUBRO E EXTRAORDINARIAS DO 9 E 17 DE NOVEMBRO, TODAS DESTE ANO.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade as actas correspondentes ás sesións ordinaria do 29 de outubro e extraordinarias dos días 9 e 17 de novembro, todas deste ano.

2. APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE SANTIAGO, FINANCIADO EN BASE A ORDE DO 5 DE MAIO DE 2020, PARA ENTIDADES LOCAIS ASINANTES DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE.

O informe proposta emitido con data 12 de novembro do corrente ano, polo xefe de sección de biodiversidade e educación ambiental, e que ven co conforme da concelleira delegada de medio ambiente, en relación ao expediente do epígrafe ten o seguinte contido:

“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, segundo a Orde do 5 de maio de 2020 estableceu unhas bases para concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, con cargo o Feder Galicia 20143-2020, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A, publicado no DOGA nº 93, do 15/05/2020.

Estre os gastos subvencionables se atopaban os custos realizados relacionados directamente coa contratación dos servizos de elaboración dos PACES co contido esixido no artigo 3 da Orde do 5 de maio, considerando o IVE soportado por este, podendo as entidades contratantes subcontratar a totalidade da actuación subvencionable co disposto no artigo 27 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia. O límite máximo da axuda para o Concello de Santiago era ata 15.000,00 €.

O Concello de Santiago presentou a solicitude a esta axuda o 11/06/2020, e se lle notificou a resolución da concesión o 1 de setembro de 2020, con entrada en Rexistro Xeral do Concello nº 30274, dándose conta dela a Xunta de Goberno ordinaria no punto 14, do 14/09/2020.

No ámbito do protocolo de Quioto, en 1997, a Unión Europea estableceu coma obxectivo a redución do 8% das emisións dos gases de efecto invernadoiro ata 2012, tendo como referencia 1990.

España creou o Consello Nacional do Clima e a Oficina Española de cambio climático e enerxía limpa Horizonte 2007-2012-2020, se elaborou o “ Plan de Acción 2008-2012 da estratexia de aforro e eficiencia Enerxética de España, que se revisou no Plan de Acción de aforro e Eficiencia Enerxética 2011-2020.



No ano 2005 a Comunidade Autónoma de Galicia crea a Estratexia Galega fronte ao Cambio Climático.

A Comisión Europea puxo en marcha no ano 2008 o Pacto dos Alcaldes, iniciativa aberta entre outros os concellos europeos, para promover a súa involucración no desenvolvemento e na aplicación da política enerxética da UE. Inicialmente, fixaba a dopción de compromisos por parte das administracións locais para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) en mais dun 20% para 2020.

No ano 2014 a Comisión lanzou a iniciativa Mayors' Adapte. E en 2015 o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía fusionou as iniciativas anteriores cos obxectivos de mellorara a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte o cambio climático.

O pacto dos alcaldes supón un compromiso do Concello en reducir as emisións de CO2 no seu territorio, polo menos, o 40 % para o ano 2030, a través de medidas de eficiencia enerxética, maior uso de enerxías renovables e aumento da resiliencia fronte o cambio climático, incorporando o compromiso de avanzar mediante un subministro de enerxía seguro, dispoñible, equitativo e sostible. Con esta finalidade o Concello se comprometeu a redacción dun plan de acción para o clima e a enerxía sustentable PACES, nun prazo máximo de dous anos dende a adhesión.

O PACES debe incluír un inventario de referencia de emisións (ERI), unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático, e cada dous anos debe presentarse un informe de seguimento do PACES. (accións de minimización co fin de aumentar a eficiencia enerxética e diminuír o consumo de enerxía do Concello). Como sectores clave neste proceso son os municipais, residenciais e terciarios e o transporte, nos que as autoridades locais deben concentrar os esforzos de redución da demanda de enerxía no concello.

O municipio de Santiago de Compostela adheriuse por primeira vez á iniciativa da Comisión Europea denominada Pacto dos Alcaldes o 31 de xaneiro de 2013. Naquel momento, comprometeuse a diminuír como mínimo un 20% as emisións de CO2 de cara ao ano 2020, así como a elaborar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible (PAES).

O 17 de marzo de 2016, o municipio de Santiago de Compostela renovou o compromiso co Pacto dos Alcaldes, actualizando o obxectivo de redución de emisións a, polo menos, un 40% de cara a 2030. O Concello de Santiago de Compostela aprobou a adhesión do Concello á Rede Española de Cidades polo Clima, en acordo do pleno da Corporación do 28 de abril de 2016. Desta renovación procede o *PLAN DE ACCIÓN POLA ENERXÍA SOSTIBLE (PAES)* redactado en decembro de 2016 e presentado o 23 de maio de 2017. O PAES inclúe un inventario de emisións de referencia e unha serie de accións de

mitigación. As medidas propostas prevían que o municipio de Santiago de Compostela reducise as súas emisións de CO₂ nun 20,5 % ata 2020 e nun 40,6 % ata 2030, tomando como referencia as emisións do ano 2015 (que foron de 588.329 tCO₂eq, é dicir 6,2 tCO₂eq/hab).

O inventario de emisión de referencia a utilizar no PACES, corresponde a anualidade 2015.

Entre as obrigas da axuda se atopa que o PACES, se probe polo pleno da corporación municipal, e se rexistre telematicamente, no sitio web da oficina do Pacto da Unión Europea.

A sinatura da solicitude de axuda, Orde do 5 de maio de 2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a elaboración dos PACES levou implícita a autorización ao órgano instrutor para, na tramitación deste procedemento, efectuar a consulta automática dos datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante
- DNI da persoa representante
- Certificado de estar o día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT
- Certificado de estar o día no pagamento coa Seguridade Social
- Certificado de estar o día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma
- Certificado de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Certificado sinalando outras subvencións ou axudas concedidas á entidade solicitante

O PACES presentado para a súa aprobación polo Pleno cumpre os requisitos establecidos na axuda.

A redacción do presente Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) ten como obxectivo adaptar e renovar os compromisos adquiridos, actualizar o Inventario de Emisións de Referencia (IER) e as accións de mitigación propostas no PAES e redactar a totalidade dos documentos que conforman o PACES, en especial os novos documentos de avaliación de riscos e vulnerabilidades e o plan de accións de adaptación ao cambio climático.

É preciso ter en conta que os obxectivos de redución de consumo e emisións do Concello de Santiago de Compostela inclúen a actividade do propio Concello e tamén o sector residencial, servizos, transporte, espazo público, produción enerxía local, ciclo da auga

e tratamento de residuos no municipio. Os sectores primario e industrial están excluídos do ámbito do PACES.

A. O Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía do ano 2015 ten coma obxectivos a mellora da eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO₂ no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte o cambio climático.

O pacto dos alcaldes supón un compromiso do Concello en reducir as emisións de CO₂ no seu territorio, polo menos, o 40 % para o ano 2030, a través de medidas de eficiencia enerxética, maior uso de enerxías renovables e aumento da resiliencia fronte o cambio climático. Con esta finalidade o Concello redactou este plan de acción para o clima e a enerxía sustentable PACES, obriga adquirida coa adhesión.

O PACES, unha vez aprobado polo pleno da corporación municipal, terá que ser rexistrado telematicamente, no sitio web da oficina do Pacto da Unión Europea

B. As tarefas que se realizaron na elaboración deste PACES son:

B1. Un inventario de referencia de emisións (ERI) a utilizar no PACES, que inclúe, datos correspondes a anualidade 2015, apoiándose na recollida de datos de consumo, a conversión destes datos a unidade comparables e o cálculo das emisións.

Os datos para este traballo proveñen de entidades nacionais na área da enerxía e/ou estatística ou os facilitados polo Concello.

A conversión e o cálculo da emisións realizarase empregando os factores de conversión e emisión estándar baseados nos principios do Intergovernmental Panel on Climate Change (IPPC) e asentados nos seguintes presupostos:

Edificios e equipos/instalacións municipais. Consumos de electricidade, gas e gasóleo fornecidos polo Concello de Santiago.

Edificios e equipos/instalacións terciarios (non municipais)

Edificios Residenciais

Alumeado público. Consumo de electricidade fornecido polo Concello de Santiago.
Industria.

Flota municipal. Consumo de gasóleo e gasolina fornecido polo Concello de Santiago.

Transporte público. Consumo de gasóleo fornecido polo Concello de Santiago.

Transporte privado e comercial

Residuos. As emisións se calcularon en base o consumo de combustibles na recollida e transporte de Residuos e as cantidades de residuos por fluxo e tipo de tratamento.

* O consumo de electricidade se estimou a partires dos datos de provincia da Coruña. O consumo de gas natural os forneceu o Concello e o Consumo de gasóleo se estimará a partires dos datos (tipo 2) da comunidade autónoma de Galicia baseado na proporción da poboación.

B2. Unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático.

B3. Proposta de accións de minimización co obxectivo de aumentar a eficiencia enerxética e diminuír o consumo de enerxía do Concello. Recollendo actuacións coincidentes con esta liña e en execución ou con financiación, como por exemplo algunhas das incluídas no EDUSI, entre outras.

PROPOSTA AO PLENO

Por todo o exposto se propón:

I.- Aprobación do Plan de actuación para o clima e a enerxía sustentable (PACES) no Concello de Santiago de Compostela, realizado en base a orde do 5 de maio de 2020, para entidades locais asinantes do pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable.”

Á vista do informe proposta transcrito, e demais documentación que obra no expediente, máis o ditame favorable da Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 19 de novembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda a aprobación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) no Concello de Santiago de Compostela, realizado en base a orde do 5 de maio de 2020, para entidades locais asinantes do pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA AXILIZAR AS AXUDAS AO SECTOR CULTURAL A IMPULSAR UNHA CONVOCATORIA DE PROXECTOS PARA A CONTRATACIÓN DIRECTA NO ANO 2021.

O contido da proposición do epígrafe, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, con data 13 de novembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de coñecer a resolución das axudas culturais ao sector profesional, que foron concedidas a 11 entidades por un importe de 85.208,8 euros, o grupo municipal de Compostela Aberta considera de máxima urxencia a publicación dunha convocatoria para rescatar aos profesionais da cultura de Santiago e conseguir unha liquidez inmediata nas empresas do sector, a través do desenvolvemento de novas programacións culturais na cidade.

Segundo os *Datos da Cultura en Santiago de Santiago 2019* que veñen de ser publicados, en Compostela hai 494 empresas culturais, que representan un 4% do total de empresas do municipio e un 11,3% das empresas culturais de Galicia. Ese informe sinala que en decembro de 2018 había en Santiago 2307 afiliacións á Seguridade Social en ramas vinculadas coa actividade cultural. Delas, 1022 están asociadas á Compañía de Radio e Televisión de Galicia, e as 1285 afiliacións restantes corresponden a traballadores e traballadoras, principalmente autónomos ou cooperativistas, que na súa maioría sofren nestes momentos un paro forzoso.

O grupo municipal de Compostela Aberta considera urxente activar un plan de rescate dos traballadores e traballadoras culturais, que implique modificar as prioridades orzamentarias na área de Acción Cultural e que bote man dun mecanismo que xa funcionou no pasado mandato. A vía da concorrencia competitiva semella especialmente acaída diante da crise derivada da pandemia pola súa axilidade e transparencia. Unha convocatoria destas características podería publicarse o vindeiro mes e resolverse nos primeiros días do ano próximo a través dun procedemento anticipado de gasto.

Ademais, queremos trasladar ao debate en Pleno municipal unha necesidade urxente de reformulación dos orzamentos para actividades culturais, co obxectivo de atender as necesidades dos traballadores e traballadoras das empresas e asociacións culturais da cidade.

O Goberno municipal debe liberar orzamentos de programacións que no vindeiro ano non serán operativas. Atopámonos diante da caída do modelo de exhibición que obriga a aforos reducidos no Auditorio de Galicia e no Teatro Principal e provoca unha

imposibilidade manifesta de acceso á cultura nos espazos pechados. Non se pode, por costume, seguir gastando nos mesmos programas de sempre, porque o contexto xa non é o mesmo.

As axudas previstas na proposta de remanentes poden ser un punto de partida mais sempre e cando sexan máis efectivas que as axudas ordinarias deste ano. Cómpre rescatar ao sector, cómpre acompañalo e cómpre “desburocratizar” o apoio ecocómico ao sector cultural e creativo. Por todo isto debemos simplificar este tipo de axudas, incorporando elementos como o pago anticipado das subvencións co obxectivo de axilizar os cobros.

Aínda así, no futuro temos que ser capaces de adiantarnos, atender ás novas necesidades combinando ferramentas de apoio baseadas na concorrência. Agora é necesario activar a produción do sector creativo a través da contratación directa -o que simplifica enormemente, tanto desde a perspectiva de quen é contratado como de quen contrata- desbordando os lindes dos antigos ciclos de programación, tamén o fomento das actividades culturais no exterior para desenvolver en zonas verdes da cidade e tamén, ter en conta a necesidade de adaptación das empresas á nova realidade da distribución dixital coma o acceso a través de *streaming*.

Por todo o anterior, e porque atender ao rescate do traballadores e traballadoras culturais debe ser prioridade do Goberno municipal, trasladamos ao pleno o seguinte **ACORDO**:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Incorporar o pago anticipado das subvencións para o fomento da produción de actividades culturais e artísticas e a posibilidade de axudas para a contratación directa nas bases de axudas-directas financiadas a cargo do remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do orzamento 2019.
2. Prever unha partida, no orzamento do próximo ano 2021, para financiar unha convocatoria urxente de proxectos culturais para activar exclusivamente a contratación directa e inmediata de autónomos, cooperativas e empresas que desenvolvan actividades culturais en Santiago de Compostela.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Incorporar o pago anticipado das subvencións para o fomento da produción de actividades culturais e artísticas e a posibilidade de axudas para a contratación directa nas



bases de axudas-directas financiadas a cargo do remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do orzamento 2019.

2. Prever unha partida, no orzamento do próximo ano 2021, para financiar unha convocatoria urxente de proxectos culturais para activar exclusivamente a contratación directa e inmediata de autónomos, cooperativas e empresas que desenvolvan actividades culturais en Santiago de Compostela.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA APROBAR UN PLANO MUNICIPAL DE CONSTRUCCIÓN DE ESPAZOS SOCIOCOMUNITARIOS CUBERTOS NOS BARRIOS E PARROQUIAS DE SANTIAGO.

Con data 17 de novembro do corrente ano, o grupo municipal de Compostela Aberta presentou a seguinte proposición:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo o deseño dun plano municipal de espazos e zonas cubertas sociocomunitarias no conxunto do termo municipal, tanto nos barrios como nas parroquias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A crise da covid-19 veu demostrar a necesidade de afrontar unha nova visión dos espazos urbanos nomeadamente daqueles de lecer e de esparcemento que nos permiten unha socialización e construción de comunidade, ou simplemente que nos permiten desfrutar do aire libre. Unha vez que os usos dos equipamentos deportivos e sociocomunitarios se ve restrinxida por causa das medidas, que debemos aplicar e cumprir, no relativo á seguranza sanitaria, mostrase como moito máis evidente de reconsiderar os nosos espazos cubertos ao aire libre.

Unha necesidade que agora o coronavirus ven facer máis perentoria mais que existe na nosa cidade e termo municipal desde hai anos por causa das condicións climatolóxicas das nosas latitudes. É por iso, que a construción de espazos cubertos non é unha necesidade exclusiva de Compostela. Próximos a nós hai xa realidades deste tipo en Ordes, Culleredo ou Carballo e varias máis na cornisa cantábrica onde a pluviosidade é similar á nosa.

Tamén Santiago puido ser pioneira na construción deste tipo de equipamentos, o barrio de Santa Marta escolleu construír unha cuberta de usos múltiples ao pé do seu centro sociocultural. Foi no proceso de orzamentos participativos abertos á cidadanía que



implementou o goberno de Compostela Aberta durante o seu mandato. O actual goberno non só tumbou esta novidosa iniciativa para que a veciñanza tivera voz directa nas decisións municipais, senón que ademais tumbou aqueles proxectos que xa eran compromisos institucionais do Concello de Santiago coas persoas participantes. Unha cuberta que ía orzamentada e recollida no proxecto de orzamentos municipais de 2019, que o resto de grupos municipais tumbaron, e que despois de ser solicitada varias veces, por fin foi recollida na recente proposta de remanentes aprobada.

Así, as trabas políticas e os cálculos electorais fixeron que esta importante reivindicación do barrio de Santa Marta vaia demorarse como mínimo dous anos. Unha iniciativa que pretendía ser o punto de arranque dun plano máis ambicioso para cubrir outro tipo de espazos como poden ser parques infantís ou novos equipamentos multiusos cubertos nos barrios da cidade. Unha visión á que tamén compre incorporar as parroquias do rural onde os espazos sociocomunitarios cubertos tamén son necesarios e onde xa se teñen iniciados os primeiros como o da Lavacolla, co obxectivo final de dotar dun destes espazos a cada parroquia na que exista demanda.

Uns novos espazos cubertos que se encadran na recuperación de espazos para as persoas, tamén cando chove, non pode ser que nunha cidade como a nosa a única alternativa cuberta sexan os espazos comerciais. Unha estratexia que non é nada nova mas que semella que custa implementar fronte ao aprezo pola especulación e o asfalto que teñen moitas veces determinados responsables políticos que non colocan as persoas no centro e sí o piche e o cemento. Xa en 1968, en plena efervescencia parisina mas tamén compostelana, o filósofo e sociólogo francés Henri Lefebvre resaltou isto na súa obra canónica “O dereito à cidade”, onde podemos ler:

“O ser humano posúe aínda a necesidade de acumular enerxías e a de as despende, e ata de as desperdiciar no xogo. Ten a necesidade de ver, escoitar, tocar, probar e a necesidade de reunir estas percepcións nun ‘mundo’. A estas necesidades antropolóxicas, elaboradas socialmente (isto é, tanto separadas como comprimidas e alí hipertrofiadas) acrecéntanse necesidades específicas que os equipamentos comerciais e culturais tidos en consideración de forma mais ou menos parcimoniosa polos urbanistas non satisfacen. Trátase da necesidade de actividade creativa, de obra (non apenas de produtos e bens materiais consumibles), necesidade de información de simbolismo, de imaxinario, de actividades lúdicas”.

Así pois, tendo en conta todo o anterior e da necesidade de desfrutar destes espazos de socialización comunitaria durante as épocas de choiva, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:



O Pleno urxe ao goberno local a:

Aprobar un plano de deseño e construción de espazos cubertos sociocomunitarios nos barrios e parroquias de Santiago de Compostela.”

A anterior proposición presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular cun engadido ao contido do acordo da proposición, polo que quedaría do seguinte xeito:

“O Pleno urxe ao goberno local a aprobar un plano de deseño e construción de espazos cubertos sociocomunitarios nos barrios e parroquias de Santiago de Compostela, que previamente deberán ser consensuados coa veciñanza de cada zona.”

Rematado o debate e despois de ser aceptada a emenda presentada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda urxir ao goberno local a aprobar un plano de deseño e construción de espazos cubertos sociocomunitarios nos barrios e parroquias de Santiago de Compostela, que previamente deberán ser consensuados coa veciñanza de cada zona.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA ACTUALIZAR A ORDENANZA XERAL DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA PARA FAVORECER O USO DE BICICLETAS.

Con data 17 de novembro do corrente ano o grupo municipal do BNG, presentou a seguinte proposición:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa a actualizar a ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública para favorecer o uso de bicicletas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública foi aprobada o 6 de marzo de 1998 e modificada puntualmente até en cinco ocasións para a súa adaptación a normativa elaborada con posterioridade.

Desde aquela, transcorridos máis de 20 anos desde a entrada en vigor desta ordenanza, a mobilidade en Santiago de Compostela cambiou de xeito substancial, tanto polo crecemento de determinados barrios como pola transformación social no relativo a uso e modelos de transportes, aparcadoiros, hábitos de vida, fluxos de entrada e saída da cidade e xeitos de desprazamento.

En concreto, no relativo ao uso de bicicletas o artigo 27 tan só recolle catro puntos que non consideran que se trata dun vehículo alternativo, nin ofrece unha perspectiva da defensa dunha mobilidade sustentábel, a comezar porque non se pode equiparar unha bicicleta a un vehículo de motor. Todo isto fai imprescindible unha normativa específica que favoreza a súa utilización, promova o seu uso e, atendendo ese criterio, regule dunha maneira diferente e moito máis precisa a súa circulación.

Ademais, esta ordenanza debe prever a creación de vías sinalizadas para facilitar o uso de bicicletas, que resultan idóneas para contribuír a reducir a proliferación de vehículos privados a motor, na procura de contar con medios de transporte sustentábeis que tamén contribúen á saúde física e mental das persoas usuarias.

Para iso, é necesaria a pacificación ou restrición de tráfico de coches que se poden adoptar con medidas de separación de carril bici, definir rúas con dirección única de vehículos e uso exclusivo de bicicletas no outro carril, ademais de maior sinalización e limitación de velocidade para favorecer a convivencia con ciclistas, como demanda a asociación Composcleta. A pacificación do tráfico e a prioridade das bicicletas ten que estenderse a todo o ámbito urbano e debe estar recollida da redacción desta ordenanza.

O Concello de Santiago ten que avanzar e liderar o uso da bicicleta. Para iso faise necesario establecer carrís bici en zonas periurbanas, traballar para que sexa unha realidade a unión co Milladoiro, con maiores medidas de seguranza, para conseguir unha mobilidade sustentábel mediante a creación de sendas ciclistas e peonís accesíbeis.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela creará unha comisión integrada por representantes dos grupos municipais, persoal técnico e asociacións de referencia no ámbito da mobilidade na cidade, como Composcleta, para a modificación e actualización da Ordenanza de circulación e uso da vía pública.”

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 votos en contra dos/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE, acorda crear unha comisión integrada por representantes dos grupos municipais, persoal técnico e asociacións de referencia no ámbito da mobilidade na cidade, como Composcleta, para a modificación e actualización da Ordenanza de circulación e uso da vía pública.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A PREVENCIÓN DO SUICIDIO, TERCEIRA CAUSA DE MORTALIDADE DE MULLERES EN COMPOSTELA.

A proposición do epígrafe foi presentada con data 17 de novembro do corrente ano polo grupo municipal do BNG, e ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa a crear unha campaña para a prevención do suicidio e un Programa de Intervención Intensiva da Conduta Suicida na área de Santiago de Compostela

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Santiago de Compostela ve con preocupación as cifras de suicidio que rexistra a área urbana funcional de Santiago de acordo co informe do Comité Socioeconómico de Crise Compostela Móvese COVID19 deste mes de novembro.

Nos datos do citado documento, a Área Urbana Funcional (AUF) de Santiago de Compostela sitúase en boas posicións con respecto a todos os parámetros (condicións socioeconómicas e condicións do medio urbano), coa clara excepción das condicións da saúde. Nestas, Santiago aparece na posición 67 de 73 AUF. Mais especificamente, o motivo polo que estamos nunha posición tan problemática non é a taxa de mortalidade infantil, a taxa de mortalidade por tumores nin a esperanza de vida ao nacer, senón a taxa de suicidios e lesións autoinflixidas, onde a cifra é 14,6 por cada 100.000 habitantes, cando a media está nos 7,2, o que supón que a de Santiago é un 203,5% con respecto á media.

Ademais, nos datos do “Atlas de Mortalidade” para Compostela, documento que tamén se manexa no Consello Municipal de Saúde, obsérvase que o suicidio en mulleres é a terceira causa de mortalidade, mentres que en homes é a 13ª, polo que tamén se pon de manifesto unha alta feminización do suicidio na área de Santiago de Compostela.

No conxunto da Galiza, a única unidade asistencial expresamente dedicada á prevención da conduta suicida atópase en Ourense, denominada Programa de Intervención Intensiva de Ourense. Trátase dunha unidade multidisciplinar sobre o que está demostrado que as persoas que reciben tratamentos neste programa mostran menos reintentos, menos ingresos e o tempo transcorrido desde o inicio do tratamento e o primeiro reintentos (se o houber) é maior. O Programa de Intervención Intensiva cumpre un labor necesario no resto do país e, no concreto, na área de Compostela faise necesario tendo en conta os datos que foron expostos. Ao contrario do que sucede nas demais áreas, en Santiago non

está previsto no novo plan de saúde mental a contratación de psiquiatra, psicóloga clínica e enfermeira de saúde mental.

Por último, na memoria do IMELGA de 2019 recóllense datos de suicidio segundo direccións territoriais, onde aparece a comarca de Compostela. Estes datos son os únicos oficiais que contan con estatísticas de suicidio na Galiza (xunto co INE estatal), mais nela recóllense datos escasos e ademais cun ano e medio de antigüidade. Trátase dunha situación anómala que os datos que se manexan sexan no mellor dos casos de 2019 e, polo xeral, datos non actualizados, o que dificulta a análise e a adopción de medidas para concienciar e previr as condutas suicidas, dado que non se conta coas cifras e datos máis recentes. Por isto, cumpriría reclamar das institucións correspondentes que se proporcionen datos actualizados cos que poder traballar.

Tendo en conta as circunstancias socioeconómicas actuais no contexto da pandemia da COVID-19, ante un previsible aumento de problemas de saúde mental no noso país e tamén do número de suicidios nos próximos anos (xa que está comprobada a correlación entre as dificultades económicas e o suicidio), faise necesario poder acceder a datos máis próximos no tempo para unha intervención máis eficaz, así como adoptar medidas urxentes de cara á prevención deste tipo de condutas no concreto, e de cara á mellora da atención á saúde mental no plano mais xeral.

Para pór fin a esta situación en que as condutas suicidas son un claro problema na área do noso concello, aínda que estea silenciado por diversos motivos, faise necesaria a creación dunha unidade específica de prevención do suicidio e atención a persoas con condutas suicidas ou de autolesión, así como a elaboración de campañas de concienciación sobre esta problemática e de prevención do suicidio, co fin de que teñamos unha atención máis eficaz tanto ás persoas con condutas relacionadas co suicidio, repercutindo nunha mellor atención aos problemas de saúde mental en Santiago de Compostela.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Goberno municipal de Santiago de Compostela elaborará campañas de concienciación e de prevención de condutas suicidas e de autolesión, dirixidas a diferentes sectores e tendo en conta, a respecto das mensaxes, factores como a idade ou o xénero.
2. O Concello instará a Xunta a que cree un Programa de Intervención Intensiva da Conduta Suicida na área de Santiago de Compostela para a atención e prevención do suicidio que conte cun equipo específico de persoal sanitario e os recursos humanos e económicos necesarios para atender as necesidades da área no relativo ás condutas suicidas.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (2 BNG, 10 PSdeG-PSOE e 5 CA) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. O goberno municipal elaborará campañas de concienciación e de prevención de condutas suicidas e de autolesión, dirixidas a diferentes sectores e tendo en conta, a respecto das mensaxes, factores como a idade ou o xénero.
2. Instar á Xunta a que cree un Programa de Intervención Intensiva da Conduta Suicida na área de Santiago de Compostela para a atención e prevención do suicidio que conte cun equipo específico de persoal sanitario e os recursos humanos e económicos necesarios para atender as necesidades da área no relativo ás condutas suicidas.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INCLUIR NA MODIFICACIÓN DO PXOM EN TRÁMITE UNHA MELLOR GARANTÍA DO USO RESIDENCIAL.

O texto da proposición do epígrafe presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 17 de novembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O borrador normativo que manexa a administración local a fin de mellorar a compatibilidade dos usos urbanísticos en orde a preservar a función residencial, no marco dunha modificación puntual do PXOM, non inclúe, sorprendentemente, ningunha previsión respecto do maior problema histórico de compatibilidade de usos urbanísticos e de menoscabo da función residencial. Referímonos ao problema da concentración de locais de ocio nocturno en determinadas rúas ou á posibilidade de abrir establecementos nocturnos de gran superficie, locais que pola súa concentración ou aforo atraen fluxos de persoas que xeran unha natural e inevitable algarabía que menoscaba o dereito fundamental da veciñanza a súa propiedade, a súa inviolabilidade acústica domiciliar e a súa saúde.

A aprobación no seu momento do Decreto de Zonas Saturadas chegou tarde, cando a imprevisión ou a insensibilidade urbanística e medioambiental do Concello xa consolidara unha concentración de establecementos ou xa consolidara a autorización de grandes establecementos nocturnos. Aínda así, o Decreto serviu nalgún caso para non

agrarar aínda máis unha situación insufrible ou para rexenerar algo determinadas rúas - aproveitando as propias dinámicas do mercado e o peche voluntario dalgún establecemento-. Non entanto, o Decreto está en precario e, por outra banda, a normativa urbanística non limita a apertura de locais de gran superficie e aforo que son causa inmediata de ruídos xerados polos centos de persoas que se amorean as súas portas. Por riba, insensibles decisións urbanísticas, como algunha das tomadas no anterior mandato, chegan a posibilitar que establecementos nocturnos con aforos de 400 persoas, claramente contraindicados en ámbitos residenciais, multipliquen o seu aforo por dous, facendo imposible a función residencial da rúa afectada e da súa contorna.

Loxicamente, non se trata de impedir a nova apertura de establecementos hostaleiros; trátase de que a súa localización ou o seu tamaño ou características resulten integrables medioambientalmente no tecido residencial.

E por iso polo que o Grupo Municipal Popular presenta á consideración a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano de goberno a que incorpore á modificación puntual do PXOM en trámite, e que ten como suposta finalidade a de preservar a función residencial, unha previsión normativa que asegure, cando menos, unha proporcional integración no tecido residencial dos establecementos susceptibles de albergar o ocio nocturno, a fin de evitar a concentración de locais ou os locais de grandes aforos.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a que incorpore á modificación puntual do PXOM en trámite, e que ten como suposta finalidade a de preservar a función residencial, unha previsión normativa que asegure, cando menos, unha proporcional integración no tecido residencial dos establecementos susceptibles de albergar o ocio nocturno, a fin de evitar a concentración de locais ou os locais de grandes aforos.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA URXIR AO GOBERNO DO ESTADO O INICIO DA CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESTACIÓN FERROVIARIA DENTRO DA INTERMODAL.

A proposición do epígrafe presentada con data 17 de novembro do corrente ano, polo grupo municipal do Partido Popular, ten o seguinte contido:



“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 2016 subscribiuse o convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago e a entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade, para o desenvolvemento da estación intermodal de Santiago e a súa contorna urbana .

Entre os compromisos estipulados naquel documento, por parte da Consellería de Infraestruturas recollíase a redacción do proxecto básico e de execución da nova estación de autobuses integrada na estacións intermodal, así como a execución e financiamento ao 100% das obras da estación e o 30% das obras de mellora da permeabilidade transversal peonil. Pola súa parte, a Consellería de Ordenación do Territorio comprometéase a darlle preferencias ás innovacións e adaptacións urbanísticas que fosen necesarias desenvolver por parte do Concello para darlle cobertura ás actuacións.

Ao Ministerio de Fomento correspondíalle realizar e tramitar o estudo informativo da estación intermodal e a aprobación da delimitación e utilización de espazos ferroviarios para revisar ou adaptar o ámbito reservado no PXOM para a efectiva implantación do sistema xeral de comunicacións e transportes.

O Concello de Santiago, entre outras accións, tería que estudar a modificación do PXOM e redactaría o Plan Especial necesario para este ámbito, obtendo os solos precisos para as actuacións proxectadas que serían transferidos ás entidades encargadas da execución das obras. Tamén debería redactar, executar e financiar o novo acceso desde Clara Campoamor, financiar o 30% das obras de mellora da permeabilidade transversal peonil.

Os compromisos de ADIF-Alta Velocidad limitábanse a “*executar, nunha primeira fase, as obras correspondentes ao Proxecto de construción para a adaptación da Estación de Santiago de Compostela (A Coruña) aos novos servizos de alta velocidade*”. Unha actuación que xa se indicaba “*deberá ser compatible co posterior desenvolvemento global da estación intermodal (...)*”. Ademais de redactar o proxecto construtivo para a mellora da permeabilidade transversal peonil, financiar o 40% desas obras e ceder os terreos necesarios para o conxunto de todas as actuacións contempladas, o ADIF debería redactar tamén o anteprojecto da nova estación intermodal “*na súa imaxe final, que abranguerá a estación de ferrocarril, a estación de autobuses e a súa interconexión*” e tamén redactar, aprobar, executar e financiar as obras da parte da estación intermodal correspondentes á estación do ferrocarril, facendo constar que “*a execución destas obras iniciárase cando o número de viaxeiros que utilicen os servizos ferroviarios en Santiago de Compostela alcance a cifra de 3.500.000 viaxeiros/ano*”.

A día de hoxe case todos os compromisos están a piques de cumprirse, pero Santiago continúa sen ter a estación ferroviaria que lle correspondería, en función da súa posición, importancia e transcendencia, tal e como pon de manifesto en múltiples ocasións a escasa capacidade da ampliación executada e tal e como teñen recoñecido as principais entidades sociais e mesmo o Goberno local.

A escusa de acadar un tránsito de 3,5 millóns de viaxeiros/ano, unha condición que non ten parangón noutros proxectos semellantes, veu actuando como unha pesada lousa para condicionar unha actuación tan reclamada como necesaria. Cómpre ter presente que no ano 2018 (último dato do Anuario do Ferrocarril 2020) os viaxeiros da estación compostelá foron 2,35 millóns e que nos últimos 4 anos (entre 2015-2018) o incremento acumulado foi de 320.000 persoas, apenas unha media de 80.000 cada ano.

Na actualidade, atopámonos nun momento crucial para asegurar a construción da nova estación ferroviaria, principalmente por dous motivos:

-por unha parte, o convenio subscrito en 2016 entendemos que se atopa sen validez, por canto tiña unha duración “máxima” de 4 anos, agás que antes da súa expiración -o 15 de xuño- se acordara unha prórroga por unanimidade dos asinantes de ata outros 4 anos. Con iso, non tendo constancia dese acordo unánime, no pasado mes de xuño tería decaído a cláusula limitativa do número de pasaxeiros;

-e por outra parte, atopámonos ante a probable aprobación dos orzamentos do Estado que ao parecer, segundo ten anunciado o propio alcalde de Santiago, conteñen unha cantidade de 3,5 millóns de euros consignados para o ano 2021 por parte do ADIF con destino á nova estación ferroviaria de Santiago. A pesar dese anuncio mantense unha razoable incerteza sobre as garantías e a vontade de acometer esta actuación o ano que vén.

Estas consideracións aconsellan, ao noso xuízo, adoptar unha posición unánime da Corporación de apoio ao Goberno local para avanzar unha estratexia conxunta que permita garantir de cara ao inmediato futuro a execución desta infraestrutura vital para Santiago de Compostela.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal inicie á maior brevidade posible os pasos necesarios para obter, mediante a fórmula que se considere máis axeitada, o compromiso firme e por escrito do Ministerio de Fomento e da entidade



pública empresarial ADIF-Alta Velocidade, para completar -coa maior urxencia e cun cronograma estimativo- a licitación e posterior execución da nova estación ferroviaria de Santiago de Compostela, tendo en conta a decaída do condicionante recollido no convenio suscrito en xuño de 2016 e as anunciadas previsións orzamentarias do Goberno do Estado para o ano 2021 e seguintes.”

Á anterior proposición presenta emenda de engádega dun segundo punto, o grupo municipal do BNG, co seguinte contido:

“O Pleno insta a lembrarlle ao Ministerio de Fomento e a ADIF o acordo plenario de xaneiro de 2019 de incluír a denominación de “Daniel Castelao” no conxunto da estación intermodal de Santiago de Compostela, ademais de incorporar a súa tipografía e o proxecto expositivo coa súa obra no interior desta dotación.”

Xa que logo e despois de ser aceptada a emenda transcrita o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao correspondente órgano do goberno municipal inicie á maior brevidade posible os pasos necesarios para obter, mediante a fórmula que se considere máis axeitada, o compromiso firme e por escrito do Ministerio de Fomento e da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade, para completar -coa maior urxencia e cun cronograma estimativo- a licitación e posterior execución da nova estación ferroviaria de Santiago de Compostela, tendo en conta a decaída do condicionante recollido no convenio suscrito en xuño de 2016 e as anunciadas previsións orzamentarias do Goberno do Estado para o ano 2021 e seguintes.

2. Instar a lembrarlle ao Ministerio de Fomento e a ADIF o acordo plenario de xaneiro de 2019 de incluír a denominación de “Daniel Castelao” no conxunto da estación intermodal de Santiago de Compostela, ademais de incorporar a súa tipografía e o proxecto expositivo coa súa obra no interior desta dotación.

9. DAR CONTA DE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL A DIVERSOS ACORDOS.

Dáse conta de reparos efectuados pola intervención municipal a distintos acordos adoptados.

10. DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO CORRENTE ANO.

Dáse conta do informe de intervención de data 30 de setembro do corrente ano, en relación á execución do estado de gastos e ingresos do orzamento xeral correspondente ao terceiro trimestre do ano en curso.

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 22 de setembro ao 26 de outubro de 2020 (núms. 6643 - 7765).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

- Acta núm. 73 correspondente á sesión ordinaria do día 05/10/20.
- Acta núm. 74 correspondente á sesión ordinaria do día 13/10/20.
- Acta núm. 75 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 14/10/20.
- Acta núm. 76 correspondente á sesión ordinaria do día 19/10/20.
- Acta núm. 77 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 20/10/20.
- Acta núm. 78 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 23/10/20.
- Acta núm. 79 correspondente á sesión ordinaria do día 26/10/20.
- Acta núm. 80 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 27/10/20.
- Acta núm. 48Q correspondente á sesión ordinaria do día 02/11/20.

12. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

Do grupo municipal do PP, presentado con data 18/11/2020.

Rogos:

- Do grupo municipal de CA, presentado con data 16/11/2020.
- Do grupo municipal de CA, presentado con data 17/11/2020.
- Do grupo municipal do BNG, presentado con data 17/11/2020.
- Do grupo municipal do BNG, presentado con data 17/11/2020.
- Do grupo municipal do BNG, presentado con data 17/11/2020.
- Do grupo municipal do PP, presentado con data 18/11/2020.
- Do grupo municipal do PP, presentado con data 18/11/2020.
- Do grupo municipal do PP, presentado con data 18/11/2020.
- Do grupo municipal de CA, presentado con data 18/11/2020.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal do BNG, presentada con data 17/11/2020.
- Do grupo municipal do BNG, presentada con data 17/11/2020.



Do grupo municipal do BNG, presentada con data 17/11/2020.
Do grupo municipal de CA, presentada con data 18/11/2020.
Do grupo municipal de CA, presentada con data 18/11/2020.
Do grupo municipal do PP, presentada con data 18/11/2020.
Do grupo municipal do PP, presentada con data 18/11/2020.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, presentada con data 04/11/2020.
Do grupo municipal do PP, presentada con data 13/11/2020.
Do grupo municipal de CA, presentada con data 18/11/2020.

O último rogo que figura na relación relativo á escola municipal de música, presentado polo grupo municipal de Compostela Aberta, foi retirado.

O señor interventor auséntase ao rematar o debate das preguntas orais e xa non se reincorpora á sesión.

Despois do debate da interpelación cando son as 18:42 horas faise un receso e volve a retomarse a sesión ás 19:09 horas.

13. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

1. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG, para duplicar a oferta de prazas do programa de conciliación de nadal co obxectivo de favorecer as políticas de igualdade e de apoio ás familias.
2. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG, para facilitar a implantación da administración electrónica e reducir a fenda dixital no Concello de Santiago.
3. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG, para que se habiliten máis prazas de aparcadoiro destinadas a residentes en Concheiros.
4. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG, para apoiar o comercio de proximidade e fomentar a compra de produtos galegos.
5. Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA, para que se execute o acordo plenario sobre a creación dunha comisión encargada de determinar a forma máis sustentable e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento.
6. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA, para impulsar a rehabilitación de vivendas e construción de vivenda pública.

7. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA, para impulsar un programa de servizo de canguraxe en Santiago.
8. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA, ante o conflito na zona desmilitarizada do sur do Sáhara e a agresión militar marroquí no Guerguerat.
9. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP, para a información e a participación dos grupos municipais na elaboración dos orzamentos de 2021.
10. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP, para completar a urbanización da travesía da estrada DP-7803 coa iluminación no tramo Pazos-Igrexa de Figueiras.
11. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP sobre a problemática do acceso pola praza de Mazarelos do alumnado de infantil dun colexio situado nas Orfas.
12. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP, sobre o mantemento do castelán e o galego como linguas vehiculares no ensino en Galicia.

Os textos das mocións presentadas polos grupos políticos municipais, transcríbense a continuación.

MOCIÓN PARA DUPLICAR A OFERTA DE PRAZAS DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN DE NADAL CO OBXECTIVO DE FAVORECER AS POLÍTICAS DE IGUALDADE E DE APOIO ÁS FAMILIAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para duplicar a oferta de prazas para o programa de conciliación de Nadal que se impartirán en máis espazos públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago de Compostela organiza o programa de conciliación de Nadal que, no actual contexto de pandemia, resulta máis necesario que en anos anteriores, tanto pola mudanza do sistema de traballo como polas necesidades de lecer, convivencia e alimentación nalgúns casos.

Este programa, ademais de educar en valores como a convivencia, a tolerancia e a responsabilidade, complementase coa posibilidade de almorzo e comedor e nel ofrécense actividades lúdicas, deportivas, en contacto coa natureza, música, danza, teatro, lectura, manualidades, pintura e contacontos, entre outras posibilidades, para faceren en grupo coas medidas de seguranza e de prevención da covid-19 que se estimaren adecuadas.



Ao tempo que se ofrece este servizo, os pais e as nais poden seguir a traballar, sexa presencial ou telematicamente, o que supón unha medida por parte da Administración local para favorecer os compromisos familiares e de carácter laboral.

Deste xeito, o Concello de Santiago aplica con este programa boas prácticas en materia de igualdade e fomento das oportunidades para persoas que teñen crianzas, sendo conscientes de que a situación actual require un reforzo destas actividades de conciliación durante os meses de decembro e xaneiro en que teñen vacacións escolares.

Esta medida de ampliación de prazas e de descentralización de espazos debe adoptarse como un xeito de corresponsabilidade da Administración local co fomento das políticas de igualdade de xénero e do apoio ás familias, ademais de servir para dinamizar a economía local coa contratación de monitores e monitoras de tempo libre. Así, terán preferencia as familias monoparentais, aquelas con dificultades económicas e as que ambos os proxenitores estean traballando.

Para iso é necesario que saia anunciado o programa con suficiente antelación, con prezos económicos e cunha oferta de prazas suficiente para atender a demanda; ademais de poder escoller semanas completas ou días soltos por parte das familias e de descentralizar a oferta a máis zonas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Concello de Santiago de Compostela duplicará a oferta de prazas para o programa de conciliación de Nadal que se impartirán en máis espazos públicos, cunha redución do prezo das actividades para nenos e nenas en idade escolar, co obxectivo de favorecer as políticas de igualdade e de apoio ás familias.

MOCIÓN PARA FACILITAR A IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E REDUCIR A FENDA DIXITAL NO CONCELLO DE SANTIAGO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para facilitar a implantación da administración electrónica e reducir a fenda dixital no Concello de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de setembro de 2020 enviouse unha circular da concelleira delegada de Modernización da Administración Local sobre a entrada en funcionamento da plataforma de administración electrónica no Concello de Santiago de Compostela. Un mes despois quedou deshabilitada a creación de novos expedientes en AUPAC, coas excepcións dos procedementos de Tesouraría, Contratación e Inventario, e tamén quedou inactivo o rexistro de entrada e saída nesta aplicación.

Deste xeito, puxéronse en marcha o rexistro electrónico, as notificacións electrónicas e o taboleiro electrónico, ademais dun novo xestor de expedientes, co que se pretende substituír a tramitación en papel e a utilización do xestor AUPAC. Nesta fase estaba previsto incorporar o 80% dos procedementos inventariados e os restantes, no seguinte prazo, nos primeiros meses de 2021.

Este proceso para a implantación da administración electrónica no Concello de Santiago de Compostela supuxo diversas dificultades para o persoal municipal, tanto pola celeridade das aulas formativas de xeito telemático como pola xeralidade das explicacións e a falta de acompañamento personalizado e das necesidades de cada servizo.

Entre os erros detectados no proceso formativo destácase carecer de formación específica en función das competencias de cada departamento e de cada posto de traballo. Isto agrávase ao non existir un organigrama claro nin unha asignación de competencias determinada para o conxunto do persoal, ao non corresponderse a realidade coas funcións asignadas na Relación de Postos de Traballo (RPT) coas que se rexe a aplicación.

Este proceso formativo realizouse, por tanto, sen a suficiente anticipación, sen transparencia e sen contar coa imprescindible participación sindical nin do persoal dos centros xestores, que son quen coñecen verdadeiramente as necesidades para a tramitación dos procedementos.

Cómpre actualizar tamén a Carta de Servizos coa adecuación dos trámites e a difusión da oferta coa que conta a veciñanza e o asociacionismo como un compromiso de calidade en relación cos servizos que se lle prestan en materia de xestión, recadación e inspección.

A isto súmase a obsolescencia da maioría dos equipos informáticos, os erros da nova aplicación que non atende ao procedemento que se debe seguir, o feito de impartir estes cursos sen a suficiente anticipación e cando a metade do persoal administrativo está en teletraballo, o que interrompe e dificulta a actividade laboral.

Ademais, ao inhabilitar as anteriores aplicacións de tramitación de expedientes, coa indicación de deixar expedientes abertos sen concluír, en vez de ter un período de transición máis amplo para adecuar os novos procedementos, está a provocar unha demora derivada da duplicación do traballo en moitos departamentos municipais. Na

actualidade non hai acceso ao rexistro de entrada e saída de expedientes que están en proceso de tramitación, o que supón unha dificultade engadida para o persoal.

A administración electrónica ten que servir para dispor dun rexistro electrónico público e interno entre os departamentos, co fin de axilizar a tramitación e de lle facilitar as xestións á veciñanza sen ter que atender consultas presenciais de expedientes. Chama a atención que isto fose acompañado da privatización da oficina de notificacións, coa contratación dunha empresa que agora dispón de información e datos particulares de toda a poboación compostelá.

Este proceso de implantación da administración electrónica ten que ir acompañado, ademais, dunha formación e apertura cara á veciñanza, tanto para persoas que teñen coñecementos básicos de internet como para aquelas que non dispoñen nin de coñecementos, nin de ferramentas nin de rede por viviren na Cidade histórica ou en determinadas zonas do rural. Así, cómpre reforzar a atención presencial para que a cidadanía non teña que acudir a xestorías mediadoras coa Administración municipal e pagar por estes servizos. O Concello de Santiago ten que suplir, polo tanto, esta eiva cos procedementos que estime adecuados e non agravar a fenda dixital e garantir o dereito de acceso universal a comunicarse coa administración.

Como xa se expuxo no Pleno de maio, cun rogo do BNG, o Concello de Santiago de Compostela tiña pendente esta reforma e actualización administrativa ás novas tecnoloxías, coa formación e equipos informáticos necesarios, para mellorar o seu funcionamento; algo que quedou patente durante o Estado de Alarma e a situación de confinamento que obrigou a establecer que boa parte do persoal municipal tivese que acollerse ao sistema de teletraballo. Foi nese período cando o persoal reclamou aproveitar o tempo para comezar a formación da administración electrónica, que non se lle facilitou.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- O Concello de Santiago de Compostela ofrecerá formación presencial especializada e detallada a cada departamento, xunto cun manual de procedemento adecuado aos roles de tramitación para o persoal de cada servizo municipal, co obxectivo de facilitar a entrada en funcionamento da administración electrónica.

2.- O Concello de Santiago de Compostela ofrecerá unha guía dos procedementos para a veciñanza vinculada á Oficina de Atención Cidadá, que acompañará e garantirá a atención presencial por parte da Administración pública para facer calquera trámite municipal e atender o dereito de acceso universal a comunicarse coa administración.

Para iso, reforzaranse cos recursos humanos e materiais necesarios a Oficina de Atención Cidadá e a Oficina de Atención ao Contribuínte, para facilitar que a veciñanza poida adaptarse á administración electrónica co obxectivo de non agravar a fenda dixital.

MOCIÓN PARA QUE SE HABILITEN MÁIS PRAZAS DE APARCADOIRO DESTINADAS A RESIDENTES EN CONCEIROS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para que se habiliten máis prazas de aparcadoiro destinadas a residentes en Concheiros, na rúa de Bonaval e na Costiña do Monte, como reclama a veciñanza da zona.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As obras de remodelación dos Concheiros van supor cambios importantes en mobilidade e distribución de espazos nunha rúa pola que transitaban arredor de 20.000 vehículos diarios. A veciñanza trasladou a súa preocupación pola redución de prazas de aparcadoiro que figuran no proxecto da obra de remodelación deste barrio. Neste sentido, é necesario ter en conta que as actuacións que se realicen non deben ter como único obxectivo -nin prioritario- facilitar a chegada de persoas que fan o Camiño de Santiago senón atender as necesidades das que residen en Compostela. Trátase, en definitiva, de axudar a construír barrio, fomentando a cohesión social e mellorando a vida da veciñanza.

Unha das principais queixas recibidas é que non se crearon novos aparcadoiros en cantidade suficiente para suplir as 80 prazas suprimidas, posto que a maioría dos edificios desta zona non dispoñen de garaxes e precisan prazas de estacionamento perto das vivendas de residencia. Neste sentido, a veciñanza trasladou ao BNG a necesidade habilitar novas zonas verdes de aparcamento reservado para residentes na rúa de Bonaval e na Costiña do Monte.

Tanto a ampliación do aparcadoiro de Altiboia a carón do Conservatorio Profesional de Música, que era algo demandado e que propuña o BNG, como a nova bolsa para veciñanza en Triacastela resultan insuficientes –e nalgúns caso relativamente afastadas– para compensar as prazas en superficie que se perdan na humanización de Concheiros, tendo en conta que xa existía demanda nesas áreas previamente á reforma dos Concheiros.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:



O Concello de Santiago de Compostela habilitará máis prazas de aparcadoiro destinadas a residentes en Concheiros, estudando a posibilidade de viabilizar para este fin, entre outras localizacións posíbeis, as prazas existentes na rúa de Bonaval e na Costiña do Monte, como reclama a veciñanza da zona.

MOCIÓN PARA APOIAR O COMERCIO DE PROXIMIDADE E FOMENTAR A COMPRA DE PRODUTOS GALEGOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para apoiar o comercio de proximidade compostelán e fomentar a compra de produtos galegos coincidindo coa tempada de agasallos de Nadal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago ten a oportunidade de desenvolver unha campaña específica de promoción de produtos galegos no pequeno comercio como un xeito de defender os nosos sectores produtivos, de transformación e de distribución que loitan fronte aos xigantes do comercio electrónico a grande escala internacional.

As compras de Nadal constitúen unha boa oportunidade para darlle forma práctica e didáctica á defensa da nosa artesanía, música, libros, xoguetes non sexistas e unha cantidade de produtos que se crean directamente no noso país e, polo tanto, redundan na nosa economía.

Con esta campaña de sensibilización de consumo quérese contribuír a frear o peche de tendas e a destrución de postos de traballo por mor da crise económica e da pandemia da covid-19, que se agudizaron nos últimos anos coas medidas de liberalización comercial.

Ante esta situación que conduce a un grave desequilibrio no sector comercial, pódese destacar a potencialidade e a calidade dos produtos galegos, como un motor para a dinamización do pequeno comercio local que aposta pola calidade, innovación e especialización.

De feito, esta campaña debe servir para reactivar as compras en establecementos composteláns co apoio ao asociacionismo do pequeno comercio para dinamizar a economía local.

Como xa se propuxo en outubro de 2019, nunha proposición do BNG aprobada por unanimidade, isto pode complementarse coa edición dun catálogo de distribución gratuíta dos produtos á venda en cada comercio, servizos de conciliación no Centro Sociocultural do Ensanche e noutros lugares descentralizados por barrios con actividades para nenos e



nenas mentres se fan compras e tamén dar facilidades con vales desconto nos aparcadoiros, ademais de abrir novas zonas para deixar os vehículos.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá unha campaña para apoiar o comercio de proximidade compostelán e fomentar a compra de produtos galegos coincidindo coa tempada de agasallos de Nadal.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE EXECUTE O ACORDO PLENARIO SOBRE A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ENCARGADA DE DETERMINAR A FORMA MÁIS SUSTENTABLE E EFICIENTE DE XESTIONAR OS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 1971 o Concello de Santiago xestiona de xeito indirecto o servizo de abastecemento e saneamento de auga, sempre coa mesma empresa aínda que esta fora mudando de nome neste case medio século. O resultado desta xestión indirecta dun servizo que é esencial semella, cando menos, cuestionable.

Na primeira etapa desta concesión da xestión á empresa privada, no período 1971-1998, o propio Concello de Santiago -tamén cunha alcaldía do PSOE- cuantificou en máis de 53 millóns de euros os investimentos precisos para solucionar as deficiencias da rede. Nesta segunda etapa entre 1998-2020, o déficit de investimentos semella que non só se mantén senón que se agravou, segundo manifestacións públicas do actual grupo de Goberno. O propio alcalde tén declarado que *“en materia de auga e saneamento, o Concello de Santiago vai ter que poñer sobre a mesa entre 120 e 140 millóns de euros nos próximos seis ou sete anos”*. Á vista destes resultados, ou ben a xestión indirecta non foi a máis acaída, ou ben o Concello de Santiago non tivo capacidade ou vontade de exercer o necesario control sobre este contrato.

Diante desta situación, e tendo en conta que se trata dun servizo de titularidade municipal con concesións de longa duración e que pode condicionar a acción de goberno de varios mandatos municipais Compostela Aberta propuxo varias veces no Pleno, tanto desde o

gobierno como desde a oposición, a creación dunha Comisión que determine a forma máis sustentable e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento en Santiago.

Semella máis que xustifico que o conxunto da corporación municipal traballe no estudo para determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais. Ese traballo de análise debe desenvolverse fuxindo de apriorismo ideolóxicos de todo tipo, mais tamén deixando atrás os intereses particulares ou empresariais para que a decisión sobre o modelo de xestión do ciclo da auga se basee nas necesidades deste servizo concreto, e se adopte tendo en conta parámetros de eficiencia, eficacia, calidade e excelencia. O máis importante é que se ofrezca un mellor servizo, nas mellores condicións, cos mellores niveis de investimento e cos mellores niveis de innovación, para que deste xeito non se reproduzan os erros cometidos nestes últimos 50 anos.

Recollendo a vontade manifestada polo actual goberno da cidade para chegar a acordos e consensuar o modelo de xestión da auga co conxunto dos grupos da Corporación municipal, na pasada sesión plenaria do mes de Xullo aprobouse a creación dunha nova comisión encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais. Unha comisión o suficientemente plural e transversal que poida determinar cal é a decisión máis acaída para a xestión dun servizo tan esencial e para as próximas décadas. Unha comisión que poida facer públicos e transparentar os seus traballos para socializalos coa cidadanía compostelá.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar á presidencia da corporación a executar o acordo plenario aprobado no pasado mes de xullo para a creación dunha comisión de estudo encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais, con representación proporcional de todos os grupos municipais e que conte coa opinión técnica dos servizos municipais necesarios.

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA
IMPULSAR A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E CONSTRUCCIÓN DE
VIVENDA PÚBLICA**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas pasadas semanas a conselleira Ángeles Vázquez visitou na nosa cidade, no barrio da Pontepedriña, a primeira obra dun ascensor, unha actuación que foi posible grazas ao traballo do goberno de Compostela Aberta. Foi no anterior mandato cando quedou desbloqueado o estudo de detalle deste grupo de vivendas que nin os anteriores gobernos de Bugallo nin os sucesivos gobernos do PP foron quen de sacar adiante. Xunto con este, aprobáronse ou iniciouse a tramitación dos estudos de detalle de Vite, San Ignacio de Loyola, Ulteira, ou rúa de Oviedo, entre outros, que permitirán a rehabilitación e instalación de ascensores para varios milleiros de vivendas en barrios desfavorecidos da nosa cidade.

No que levamos de mandato só houbo unha convocatoria de axudas á rehabilitación nos ARIs, publicada en xullo de 2019, transcorrido un mes da toma de posesión do goberno do PSOE, e polo tanto, resultado do traballo do Goberno de CA. Foi a convocatoria de subvencións para os ámbitos das catro áreas de rehabilitación integral (ARIs) coas que conta a cidade (casco histórico, Vista Alegre, grupo de vivendas Compostela e Quiroga Palacios-Pontepedriña e Vite), e prevíase unha dotación de 2.310.000 euros para financiar 237 actuacións. Desde esta, non se realizou ningunha outra convocatoria.

Froito do traballo de Compostela Aberta saíron adiante a convocatoria para a 16ª fase da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico, que ten unha dotación de 150.000 euros para financiar 25 actuacións. No caso do barrio de Vista Alegre e da súa fase 9ª, subvencionáronse 128 actuacións, cunha achega total de 1.280.000 euros. Cos 240.000 euros destinados ao grupo de vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios (Pontepedriña) financiáronse 20 actuacións. Finalmente, haberá 640.000 euros en axudas para 64 actuacións no barrio de Vite.

Tamén no mandato anterior, para posibilitar a instalación de ascensores, creáronse as axudas complementarias para que as persoas sen recursos poidan chegar ao 100% de axuda e varias desas subvencións están en tramitación na actualidade.

Estas políticas activas de fomento e axuda á rehabilitación contrastan coa falta de iniciativas do actual goberno local, que se suma ao acordo que acadou coa Xunta de Galicia para deixar no esquecemento, e indefinidamente, a construción de vivenda pública na parcela de Xoán XXIII. Esta era unha aposta por vivenda accesible economicamente e non só nas aforas da cidade, e abandonar o proxecto demostra que tanto estes dous partidos, PSOE e PP, como estes dous gobernos non teñen a vivenda entre as súas prioridades.



Fronte a iso, tamén durante o mandato de Compostela Aberta, intentáronse levar adiante propostas como a deseñada para o antigo colexio Peleteiro, que introducía a condición de que calquera incremento de vivenda tería que ir acompañado sempre dun 30% de vivenda protexida.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao goberno de Santiago a aprobar a convocatoria, antes de que remate este ano, dunhas novas axudas de rehabilitación nas ARIs, despois de case ano e medio sen convocatoria.
2. Solicitar á Xunta de Galicia unha maior dotación de recursos para estas ARIs que permitan que máis comunidades que están en lista de espera no Limiar poidan acceder á instalación de ascensores.
3. Demandar ao goberno local e á Xunta que colaboren na creación de novas vivendas públicas, e poñendo as parcelas municipais que teñen ese fin a disposición do goberno galego.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA IMPULSAR UN PROGRAMA DE CANGURAXE EN SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise sanitaria provocada pola Covid-19 está poñendo de manifesto dende o seu inicio no mes de marzo a importancia dos coidados para o sostemento da vida. Uns coidados que, ademais, están enormemente feminizados, como poden ser os das empregadas do fogar, as traballadoras dos centros de maiores e residencias, as profesionais dos servizos de axuda a domicilio, etc. E a maiores de todos estes, aínda existen toda unha serie de coidados que son, se cabe, aínda máis invisibilizados, como son os que se dan no ámbito familiar e doméstico.

No espazo das familias este tipo de coidados teñen unha dobre fenda de corresponsabilidade desde dúas vertentes: a corresponsabilidade entre mulleres e homes e a corresponsabilidade entre cidadanía e administracións públicas. No marco desta segunda fenda de corresponsabilidade, consideramos que tanto a administración galega



como a administración local teñen como obriga facilitar que as familias poidan coidar con garantías e asegurar unha certa calidade de vida a todas as persoas, teñan a idade que teñan, coticen ou non coticen.

Santiago de Compostela non escapa a este contexto xeral, tamén no noso municipio a maioría do tempo dedicado ao traballo de coidados recae nas familias, principalmente nas mulleres, e de maneira non remunerada. E coa irrupción da pandemia a situación en relación aos coidados e á conciliación da vida laboral e familiar non fixo máis que empeorar. Nestes momentos, coa segunda vaga de contaxios e as restricións á mobilidade provocadas polos confinamentos perimetrais prodúcense tamén impactos negativos na restricións da actividades de lecer dos nenos e as nenas, así como na vida laboral das persoas, asuntos que provocan incerteza e unha gran presión sobre as familias e as mulleres.

Nesta situación, son imprescindibles e necesarias políticas públicas específicas que acheguen solucións ás necesidades de conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Os coidados son un ben común que temos que garantir e axudar a organizar tamén dende as administracións mais próximas a cidadanía como son os Concellos.

No pasado mes de maio o Pleno do Concello de Santiago aprobou unha moción para garantir un servizo de conciliación ás familias. Nese acordo incluíase a aprobación da elaboración nos seguintes seis meses dun Plan de coidado e conciliación “Compostela coidadora” que incidise na responsabilidade do coidado coas medidas e recursos necesarios. De momento, descoñecemos o avance e realización deste plan, pero entendemos que no marco do mesmo é urxente impulsar un *Programa de Canguraxe en Compostela*, un programa que permita apoiar especificamente ás mulleres no seu proceso de participación socio-laboral. Un servizo de canguraxe que teña como obxectivo crear un conxunto organizado e integrado de tarefas que favorezan a conciliación persoal, familiar e laboral. Para iso, as actividades deberían estar centradas en coidados básicos e atencións aos e as menores no seu propio domicilio e fóra do mesmo.

En definitiva, un programa que funcione na liña de recoñecemento dos coidados como un pilar fundamental da sociedade, e para iso, é imprescindible recoñecer como esenciais todos os traballos de coidados posto que supoñen un vector de desenvolvemento económico e democrático. Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno a impulsar un Programa de Canguraxe, en colaboración coa Consellería de Políticas Sociais, que facilite a conciliación e a garantía dos coidados no municipio e que comprenda:

- a) Un servizo de atención á infancia no domicilio ou de acompañamento que recolla as necesidades familiares.
- b) Un servizo con espazos acondicionados para a atención en diversos centros cívicos , pavillóns ou ludotecas do termo municipal.
- c) Un servizo que priorice ás unidades familiares con menos recursos e con necesidades asociadas á conciliación, familias que teñan menores de idades ata os 12 anos.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA ANTE O CONFLITO NA ZONA DESMILITARIZADA DO SUR DO SÁHARA E A AGRESIÓN MILITAR MARROQUINA NO GUERGUERAT

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste ano 2020 veñen de cumprirse 45 anos do abandono ao pobo saharauí e da ocupación ilegal de Marrocos nos territorios do Sáhara Occidental. 45 anos no que este pobo ten sufrido os rigores do deserto, o espolio dos seus recursos naturais pola potencia ocupante e o desleixo da Comunidade Internacional, incapaz en máis de catro décadas de dar cumprimento aos acordos da ONU para permitir a liberdade e independencia do pobo saharauí no seu territorio.

A noite do 13 ao 14 de novembro, tropas regulares da Forzas Armadas Reais (FAR) de Marrocos penetraron na zona desmilitarizada do extremo sur do Sáhara para reprimir unha mobilización pacífica de mulleres e homes saharauís no Gerguerat. En realidade, Marrocos ven de realizar tres fendas no muro que construíu hai décadas de máis de 2700 km para realizar unha incursión militar en territorio saharauí coa escusa de dar por rematada a concentración que protestaba polos incumprimentos marroquís no tocante ao paso do Guerguerat e o uso fraudulento de milleiros de camións entre a franxa que separa a aduana marroquí e a fronteira con Mauritania, un paso fronteirizo ilegal e que nos últimos meses estaba a ser militarizado polo goberno marroquí, feito que xerou unha protesta pacífica da poboación saharauí ante unha agresión territorial intolerable.

Esta acción militar ilegal e contraria aos acordos da ONU realizada por tropas marroquís foi a causante dun intercambio de disparos por primeira vez en décadas entre as forzas da Fronte Polisaria e das FAR de Marrocos. A estas alturas descoñécese o número de vítimas pero é evidente a gravidade dos feitos que poden dar ao traste cun alto o fogo que persistía, non sen complicacións, dende 1991.



Non obstante, a única solución a este conflito non é a guerra, senón a organización sen máis demora dun referendo de autodeterminación que pregunte ao pobo saharauí se quere a independencia ou a súa integración en Marrocos. Iso é o que se acordou en varias resolucións das Nacións Unidas e debe cumprirse. O pobo saharauí ten dereito a iso, pero este referendo esta vez non pode agardar.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago, cidade solidaria coa poboación saharauí, quere mostrar a súa fonda preocupación pola situación actual, que pode significar a volta da guerra ao Sáhara Occidental e:

1. Expresa o seu apoio e solidariedade co pobo saharauí ante a agresión marroquí que viola as fronteiras e os Acordos de Paz establecidos en 1991 e que tamén representa unha ruptura do cesamento do fogo, ademais de apoiar o seu dereito de autodeterminación a recoñecida pola ONU na resolución 690 do Consello de Seguridade de 29 de abril de 1991.
2. Insta ao goberno de España, como antiga metrópole colonial e administradora de iure, a establecer un traballo diplomático para evitar a guerra sen que esta signifique a renuncia do pobo saharauí á defensa da integridade do seu territorio e os dereitos humanos da poboación afectada pola ocupación marroquí.
3. Así mesmo, insta a que esas accións diplomáticas de máis alto nivel vaian encamiñadas a acordar unha data firme de celebración do referendo de autodeterminación do Sáhara Occidental en cumprimento dos acordos internacionais.

MOCIÓN PARA A INFORMACIÓN E A PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS NA ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS DE 2021

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando o ano 2020 vai avanzando cara ao seu fin, o Goberno local segue sen dar mostras dunha vontade clara e manifesta de articular, negociar e propoñer para a súa aprobación un novo orzamento que permita afrontar os retos, e tamén os presumibles proxectos de futuro que debería posuír, para o conxunto da cidadanía.



Os antecedentes deste Goberno non son precisamente favorables, xa que logo leva dous orzamentos que non serviron para arranxar os problemas e impulsar a cidade como Capital do País.

O primeiro orzamento aprobado no mes de agosto, fala por si mesmo temporalmente da súa ineficacia, e o segundo, que entrou en vigor no mes de abril e está a punto de rematar, leva o mesmo camiño.

Polo tanto, en materia de xestión da cidade desde un punto de vista orzamentario e de investimentos, os datos falan por si sos.

Certamente, existe a posibilidade legal de prorrogar os orzamentos do ano anterior, pero se iso xa non resulta aconsellable nunhas condicións normais, polas dificultades para dar resposta ás novas situacións e polos atrancos que presenta para a súa execución, máis aínda nunha situación como a actual, cunha crise sanitaria e económica sobrevida que ten alterado calquera previsión orzamentaria que se puidera ter feito no pasado.

A este respecto, desde o Grupo Municipal Popular mesmo temos proposto unha iniciativa, que foi aprobado polo Pleno do pasado mes de setembro, para que por parte do Goberno se informara das consecuencias económicas da Covid-19 en cada un dos departamentos municipais e que foran os propios concelleiros os que deran conta das afectacións e axustes realizados, así como das actuacións adaptadas a este contexto que se prevían para o inmediato futuro.

Nada diso se ten feito, nin o orzamento de 2020 foi axustado, nin se facilitou a información nos termos establecidos, nin se avanzaron posibles actuacións adaptadas ao novo contexto e, o que é peor, o Goberno non dá mostras de ter intención de avanzar nun novo documento contable, o que nos levaría a manter prorrogado un orzamento concibido para o ano 2020, incapaz de darlle resposta ás demandas do Concello e da veciñanza a manter os presupostos e as partidas concibidas antes da chegada a pandemia.

Por outra banda, o Concello debe avanzar en políticas públicas de transparencia e participación dos representantes veciñais, polo que é preciso que transparente o proceso de elaboración do orzamento, como se fai noutros órganos similares doutras institucións democráticas, como os parlamentos autonómicos, por poñer un exemplo próximo. establecendo un sistema de comparecencia e emendas que sexa realmente participativo.

Por este motivo, tendo en conta a tardanza que se está a producir na elaboración das contas públicas do Concello de Santiago para o ano 2021 e á vista do pouco interese mostrado polo Goberno local para cumprir co que debería ser un obxectivo fundamental de calquera



Executivo, máxime nunhas circunstancias como as actuais, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración do Pleno a seguinte proposta de

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a:

1. Crear unha Comisión especial de estudo dos orzamentos municipais para o ano 2021 na que comparezan cada un dos concelleiros e concelleiras do Goberno para informar da situación e das necesidades de cada departamento, nun formato que permita a formulación de preguntas e repostas na procura dunha maior claridade, así como a realización de achegas por parte dos grupos da oposición.
2. Promover unha modificación URXENTE do Regulamento de organización do Pleno Municipal para introducir as comparecencias dos concelleiros como unha obriga para a futura tramitación dos orzamentos municipais, así como un sistema de emendas áxil e participativo.

MOCIÓN PARA COMPLETAR A URBANIZACIÓN DA TRAVESÍA DA ESTRADA DP-7803 COA ILUMINACIÓN NO TRAMO PAZOS-IGREXA DE FIGUEIRAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de 15 anos que se iniciaron os trámites para a mellora da estrada provincial DP-7803 nun tramo duns 500 metros (concretamente entre os p.k. 3,52 a 4.00) que vai desde o núcleo de Pazos ata a Igrexa de Figueiras. En maio de 2005 aprobouse por parte do Concello de Santiago o proxecto e posteriormente puxéronse a disposición os terreos, autorización e permisos para a construción da travesía que habería de construír a Deputación Provincial da Coruña, mediante un convenio no que se establecían as bases de colaboración entre ambos organismos, dentro do Plan dd Travesías 2005, segunda fase.

A fórmula de colaboración recollía o compromiso da aceptación por parte da administración local da entrega das obras, unha vez recibidas pola Deputación e a asunción dos gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións da travesía.



As obras, que foron contratadas en 2008 e un ano despois incorporaron un reformado que elevou o orzamento ata un importe de 287.886 euros, permitiron continuar ampliando as beirarrúas e servizos xa existente ata o lugar de Pazos para chegar ás proximidades da igrexa parroquial. Aínda que o novo tramo presenta algunhas diferenzas, entre elas a existencia dunha única beirarrúa pola marxe dereita e a ausencia dos báculos de iluminación que foron instalados no tramo anterior.

Así pois, a nova travesía é unha actuación de seguridade viaria moi necesaria que presta un gran servizo sobre todo para o tránsito ata a igrexa, o camposanto municipal e a gran área deportiva e social ao final do traxecto, pero que para dotala de maior eficacia na súa seguridade e comodidade precisaría de completarse coa dotación da iluminación pública que le dean continuidade á estética do tramo anterior. Para iso, entendemos que non habería que facer un desembolso económico demasiado elevado, tendo en conta que na construción da beirarrúa xa quedou disposta a instalación necesaria, que a día de hoxe –e a falta da conexión dos báculos- mesmo constitúe un atranco para o tránsito peonil.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se proceda, conforme ás posibilidades orzamentarias, ben sexa mediante recursos propios ou a través dunha acción conxunta coa Deputación da Coruña titular da vía, a continuar coa iluminación pública da travesía da estrada provincial DP-7803 entre Pazos e Figueiras (pk. 3.52 a 4), completando a instalación feita no seu día con este fin.

MOCIÓN SOBRE A PROBLEMÁTICA DO ACCESO POLA PRAZA DE MAZARELOS DO ALUMNADO DE INFANTIL DUN COLEXIO SITUADO NAS ORFAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o Goberno local anunciara a súa intención de levar a cabo un proceso de peonalización no ámbito da Praza Mazarelos, cóstanos que tanto a AMPA como a dirección do Colexio “Nosa Señora dos Remedios” se puxeron en contacto con representantes do Goberno a fin de que se considerara a situación dun limitado número de escolares de educación infantil e primaria (entre 3 e 7 anos) que a diario acoden a este centro situado na rúa das Orfas e que habitualmente acceden desde a Praza de Mazarelos.



Durante varios anos, os pais e nais destes escolares veñen accedendo á Praza de Mazarelos dúas veces ao día, unicamente para deixar ou recoller as crianzas ás portas das instalacións educativas. Con este exclusivo fin, mesmo viñeron facendo uso dun espazo específico na praza facilitado pola Universidade para proporcionar maior seguridade e evitar entorpecer o tráfico de vehículos.

A representación do colectivo de AMPA da propia dirección tenos informado dos escritos e dos contactos mantidos co concelleiro de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas, así como das alternativas que se teñen barallado para tratar de facer compatible a peonalización da Praza co paso e parada dos escolares de educación infantil e primaria, tal e como se contempla para as persoas residentes nese ámbito.

Ao parecer, nas conversas entre a comunidade escolar e o Concello foron postas sobre a mesa varias propostas, pero algunhas delas non resolven a situación coa accesibilidade e seguridade que require o traslado de nenos e nenas de curtas idades ao Colexio a través da Praza de Mazarelos.

En relación con esta cuestión, propoñemos a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que permita o paso e parada para os vehículos que transportan os escolares de infantil (ata seis anos) do referido colexio das Orfas a través da Praza de Mazarelos, e a que en colaboración co colectivo afectado procure unha fórmula alternativa que resulte segura e cómoda para o traslado doutros menores de primaria que cursan estudos nese centro educativo.

MOCIÓN SOBRE O MANTEMENTO DO CASTELÁN E DO GALEGO COMO LINGUAS VEHICULARES NO ENSINO EN GALICIA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os galegos e as galegas levan moitos anos comprometidos coa convivencia lingüística entre o galego e o castelán, ambas linguas cooficiais ao amparo do marco normativo previsto na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei de Normalización Lingüística de Galicia.



O Grupo Parlamentario Popular, como moitos cidadáns, ve con preocupación o que está acontecendo nos últimos tempos en relación coa tramitación da modificación da lei orgánica de educación e a urxencia do Goberno central por acadar unha aprobación exprés da coñecida como Lei Celaá ou LOMLOE.

Esta preocupación acentuouse recentemente ante a unión de determinadas forzas políticas para, a través dunha modificación introducida na Lei Celaá, saltarse os marcos normativos de rango superior e habilitar que a lingua castelá deixe de ser lingua vehicular no sistema educativo español, co que se altera o equilibrio lingüístico entre linguas cooficiais do Estado e se renuncia a que os cidadáns aprendan no ensino a lingua que lles vincula con falantes de distintos territorios, tanto no ámbito nacional como internacional.

Esta situación debe merecer a expresión clara da Corporación da capital dos galegos e das galegas, co obxectivo de salvagardar o sentir maioritario dos cidadáns comprometidos co respecto ao marco normativo vixente e coa convivencia lingüística.

A modificación do marco lingüístico a través dunha emenda na reforma educativa que está a impulsar o actual Goberno central, merece un firme rexeitamento, tanto polas formas como polo fondo.

O Grupo Parlamentario Popular entende que estamos ante unha situación reprobable porque se está a usar con fins claramente políticos unha cuestión como a lingua e se fai nun ámbito tan sensible como é o sistema educativo.

En Galicia non existe ningún tipo de conflito lingüístico neste momento, mesmo contamos cun modelo de bilingüismo cordial “totalmente normalizado”, un modelo integrador que busca a convivencia entre as linguas cooficiais en condicións de igualdade, ao tempo que se promove a aprendizaxe de linguas estranxeiras e un aproveitamento intenso co outro gran tronco lingüístico común que é Lusofonía.

O modelo lingüístico galego segue a ser idioma de uso maioritario na nosa poboación (o 51% falan só galego ou máis galego que castelán), porcentaxe que non alcanza ningunha outra lingua propia das CCAA de España.

Tamén hai que destacar que en datas recentes o informe Pisa ou a Sondaxe do CIS 2020 mostran como a lingua galega medra en prestixio e coñecemento dentro da nosa poboación (enténdea o 98,9%, pode falala con fluidez o 86,5% da poboación, etc) o que nos indica a súa boa saúde e a proba de que as políticas aplicadas están tendo efectividade sen xerar ningún tipo de conflictividade social. Así constátase que Galicia é unha comunidade autónoma na que se falan as dúas linguas con total normalidade.



Ao mesmo tempo, pensamos que non se debe romper a convivencia lingüística existente na nosa comunidade por decisións aleatorias e que non responden a criterios técnicos nin científicos senón a cuestións de intereses partidistas e políticos do goberno do España.

Por todo isto, O Grupo Municipal Popular presenta para a consideración do Pleno a seguinte proposta de

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela reafirma o seu compromiso co marco lingüístico recollido na Constitución, no Estatuto de Autonomía e na Lei de Normalización Lingüística de Galicia. Estas normas aseguran o equilibrio entre castelán e galego e contribúen a asegurar a convivencia lingüística dos cidadáns que valoran coñecer ambas as dúas linguas para poder comunicarse con falantes de toda España así como con millóns deles en países lusófonos e hispanos. Manifestamos o rexeitamento da Corporación Municipal a calquera modificación que posibilite que galego ou castelán deixen de ser vehiculares no ensino, poñendo así en perigo o equilibrio entre as nosas dúas linguas cooficiais.

Presentáronse emendas á moción do BNG, sobre as prazas de aparcadoiro nos Concheiros, por parte do grupo municipal de CA e tamén por parte do grupo municipal do BNG á moción do Partido Popular en relación aos orzamentos de 2021.

En relación ás mocións presentadas polos grupos políticos municipais, o Pleno da Corporación, adoptou os seguintes acordos:

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG, en relación ao programa de conciliación de nadal, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do Partido Popular (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello duplique a oferta de prazas para o programa de conciliación de Nadal que se impartirán en máis espazos públicos, cunha redución do prezo das actividades para nenos e nenas en idade escolar, co obxectivo de favorecer as políticas de igualdade e de apoio ás familias.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG, en relación á administración electrónica, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do Partido Popular (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda, que o concello:

1.- Ofrezca formación presencial especializada e detallada a cada departamento, xunto cun manual de procedemento adecuado aos roles de tramitación para o persoal de cada servizo municipal, co obxectivo de facilitar a entrada en funcionamento da administración electrónica.

2.- Ofrezca unha guía dos procedementos para a veciñanza vinculada á Oficina de Atención Cidadá, que acompañará e garantirá a atención presencial por parte da Administración pública para facer calquera trámite municipal e atender o dereito de acceso universal a comunicarse coa administración.

Para iso, reforzaranse cos recursos humanos e materiais necesarios a Oficina de Atención Cidadá e a Oficina de Atención ao Contribuínte, para facilitar que a veciñanza poida adaptarse á administración electrónica co obxectivo de non agravar a fenda dixital.

A moción presentada polo grupo municipal do BNG, en relación ás prazas de aparcadoiro para residentes nos Concheiros, a que presentou emenda o grupo municipal de Compostela Aberta e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do Partido Popular (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno do concello para que se habiliten máis prazas de estacionamento destinadas a vehículos residentes no barrio de San Pedro (zona verde 3) estudando a posibilidade de viabilizar para este fin, entre outras localizacións posibles, as prazas existentes na rúa de Bonaval e na Costiña do Monte, como reclama a veciñanza do barrio, así como en Rodríguez de Viguri e avanzando no desenvolvemento urbano do PERI-5R (13.122m²) para construír nese espazo unha bolsa de aparcamento público e gratuíto para residentes.

A moción presentada polo grupo municipal do BNG, para apoiar o comercio de proximidade e fomentar a compra de produtos galegos, foi transformada en moción conxunta dos catro grupos políticos municipais, e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda desenvolver unha campaña para apoiar o comercio de proximidade compostelán e fomentar a compra de produtos galegos coincidindo coa tempada de agasallos de Nadal.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a creación dunha comisión para xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do Partido Popular (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar á presidencia da corporación a executar o acordo plenario aprobado no pasado mes de xullo para a creación dunha comisión de estudo encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de

auga e saneamento e depuración de augas residuais, con representación proporcional de todos os grupos municipais e que conte coa opinión técnica dos servizos municipais necesarios.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a rehabilitación e construción de vivenda pública, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (8 PP e 10 PSdeG-PSOE), acorda:

1. Instar ao goberno do concello a aprobar a convocatoria, antes de que remate este ano, dunhas novas axudas de rehabilitación nas ARIs, despois de case ano e medio sen convocatoria.
2. Solicitar á Xunta de Galicia unha maior dotación de recursos para estas ARIs que permitan que máis comunidades que están en lista de espera no Limiar poidan acceder á instalación de ascensores.
3. Demandar ao goberno local e á Xunta que colaboren na creación de novas vivendas públicas, e poñendo as parcelas municipais que teñen ese fin a disposición do goberno galego.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta sobre o servizo de canguraxe en Santiago, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a impulsar un Programa de Canguraxe, en colaboración coa Consellería de Políticas Sociais, que facilite a conciliación e a garantía dos coidados no municipio e que comprenda:

- a) Un servizo de atención á infancia no domicilio ou de acompañamento que recolla as necesidades familiares.
- b) Un servizo con espazos acondicionados para a atención en diversos centros cívicos, pavillóns ou ludotecas do termo municipal.
- c) Un servizo que priorice ás unidades familiares con menos recursos e con necesidades asociadas á conciliación, familias que teñan menores de idade ata os 12 anos.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, ante o conflito na zona desmilitarizada do sur do Sáhara, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do



Partido Popular e do PSdeG-PSOE (8 PP e 10 PSdeG-PSOE), acorda que o Concello de Santiago, cidade solidaria coa poboación saharauí, mostre a súa fonda preocupación pola situación actual, que pode significar a volta da guerra ao Sáhara Occidental e:

1. Expresa o seu apoio e solidariedade co pobo saharauí ante a agresión marroquí que viola as fronteiras e os Acordos de Paz establecidos en 1991 e que tamén representa unha ruptura do cesamento do fogo, ademais de apoiar o seu dereito de autodeterminación a recoñecida pola ONU na resolución 690 do Consello de Seguridade de 29 de abril de 1991.

2. Insta ao goberno de España, como antiga metrópole colonial e administradora de iure, a establecer un traballo diplomático para evitar a guerra sen que esta signifique a renuncia do pobo saharauí á defensa da integridade do seu territorio e os dereitos humanos da poboación afectada pola ocupación marroquí.

Así mesmo, insta a que esas accións diplomáticas de máis alto nivel vaian encamiñadas a acordar unha data firme de celebración do referendo de autodeterminación do Sáhara Occidental en cumprimento dos acordos internacionais.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, en relación aos orzamentos de 2021, á que presentou emenda o BNG, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes ao grupo municipal de PSdeG-PSOE, e 5 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, ao producirse o empate, procédese a unha segunda votación co mesmo resultado que a anterior, polo que co voto de calidade do señor alcalde queda rexeitada a devandita moción.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para completar a urbanización da travesía da Estrada DP-7803, e despois de ser transformada en moción conxunta de todos os grupos políticos municipais, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que por parte do correspondente órgano do Goberno local se proceda, conforme ás posibilidades orzamentarias, ben sexa mediante recursos propios ou a través dunha acción conxunta coa Deputación da Coruña titular da vía, a continuar coa iluminación pública da travesía da estrada provincial DP-7803 entre Pazos e Figueiras (pk. 3.52 a 4), completando a instalación feita no seu día con este fin.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a problemática do acceso pola praza de Mazarelos do alumnado de infantil dun colexio situado na rúa Orfas, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as



dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA e 2 BNG), polo que a moción queda rexeitada.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre o mantemento do castelán e o galego como linguas vehiculares no ensino en Galicia, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 17 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), polo que a moción queda rexeitada.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 23:15 horas do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo: José Ramón Alonso Fernández